

## ECOBAS 2020/04: PERSONAL DE APOIO PARA O PROXECTO “BEWATS”

**Tipo de contrato:** por obra.

**Duración:** 4 meses.

**Data estimada do inicio do contrato:** 1 de xaneiro de 2021.

**Retribución:** 1.300 euros brutos mensuais.

**Xornada:** 25 horas semanais

**Lugar de traballo:** Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus Lagoas-Marcosende, Vigo.

**IP:** Fernando Martín Rodríguez- Uvigo.

**Investigadoras responsables da oferta:** Ana Isabel Dopico Parada e M<sup>a</sup> Carmen Otero Neira (grupo I-MARK)

### Traballo a realizar:

O traballo a realizar pola persoa seleccionada irá encamiñado a participar no proxecto “Sistema de monitorización de lixo nas costas- Beach Waste Tracking System (BEWATS)” da convocatoria [PLEAMAR](#) 2019. De xeito máis específico, algunhas das tarefas a realizar serán:

- Busca, recollida e análise de información.
- Desenvolvemento dunha proposta de valor: descrición das características do servizo obtido e identificación de vantaxes competitivas.
- Identificación dos clientes potenciais, segmentos do mercado e necesidades do mercado meta.
- Elaboración de informes, publicacións e/ou asistencia a encontros, congresos, etc.

### Requisitos:

- Titulación superior en ADE ou afíns na rama de economía e empresa.
- Formación e/ou experiencia específica na área de marketing e/ou xestión de empresa, manexo de bases de datos e ferramentas informáticas.
- Experiencia demostrable nas tarefas a realizar.
- Alto nivel de inglés. (Imprescindible).

### Outros méritos a valorar:

- Experiencia en xestión de proxectos de investigación.
- Experiencia e/ou formación en elaboración e redacción de informes.
- Habilidades de comunicación.
- Posibilidade de teletraballo en horario flexible.

### Selección:

- Currículo e expediente académico (25%).
- Experiencia profesional (25%).
- Entrevista personal (50%).

### Comisión de Avaliación:

O proceso selectivo será resolto por unha comisión formada por membros do proxecto e un/ha membro do equipo xestor da Agrupación Estratéxica ECOBAS.

### Presentación de candidaturas:

1. Para tomar parte neste proceso de selección deberase cumprimentar o [formulario de recursos humanos](#) que se atopa na páxina web de ECOBAS, indicando a referencia **ECOBAS 2020/04** e seleccionando o perfil laboral 'Xestor'. Xunto co formulario achegárase, a través da propia aplicación, **un único documento en PDF que incluíra o CV detallado (máximo 2 páxinas) e unha carta de presentación (máximo 1 páxina)**. Durante o proceso de selección, os/as candidatos/as poderán ser requiridos/as para aportar xustificantes dos méritos que figuran no seu CV.
2. As persoas que resulten seleccionadas serán convocadas para realizar unha entrevista persoal por videoconferencia.
3. O prazo de envío de candidaturas rematará o **23 de novembro de 2020 ás 14h**.
4. O resultado da selección publicárase en forma de listado, indicándose o/a candidato/a seleccionado/a e os/as candidatos/as en reserva.